

## Desacordo sobre un suceso

Disque unha cousa é o que existe e outra o que sucede.

Ssssh. Non dicir que morreu. Non llo dicir a ninguén. Tampouco hai que mentir, claro. Non dicir nada. Temos que admitir a realidade. Pero a realidade tamén debería ser máis dialogante. Non pode chegar como unha ladraa na noite, e levarse, así como así, do melloriño que temos, a lúa polo prezo dunha mazá reineta.

Podemos chegar todos a un acordo. Para iso está a literatura. Pararlle un pouco os pés á realidade. Non aceptala cando se comporta como un rufián que anda acoitelando corazóns e reloxo desta maneira. Independentemente do que sucede, Carlos Casares existe. Si, señor. É un granbde escritor e un gran tipo. Un froiteiro en flor. Da mellor estirpe de Galicia, a da liberdade, o humor e un pisco de melancolía.

Sempre haberá algún túzaro que veña coa verdade por diante como unha máquina cortadora de céspede: "iMorreu, morreu, morreu!".

Non facerlle caso. É a realidade que anda a meter ruído. Nós escoitamos a voz de Casares escribindo no aire. Abrimos o libro como quen abre unha cancela e imos por esa corredoira do segredo: ¡Alí está Carlos falando coa rosa, o raposo e o principião!

E o tipo da cortadora, dalle que dalle: "iMORreu, morreu, e morreu!".

Hai que manterse firmes. Non deixarse comer a moral. ¿Morreu? ¿E sábela ti, eh, listo espelido? Porque unha cousa é morrer un día, por exemplo o 9 de marzo do 2002, e outra moi distinta morrer toda a vida.

**mANUEL rIVAS**



## O derradeiro Casares